


Unidade 8

O VERBO NA ORACIÓN

1. Le a oración e debuxa:

Suso está plantando unha árbore no xardín.



2. Completa as oracións cos verbos propostos:

leu	visitará	xogou	busca
-----	----------	-------	-------

- Ana _____ á súa tía durante a fin de semana.
- Iria nunca _____ á billarda.
- Emilio _____ un libro sobre a fauna galega.
- Xosé _____ unha palabra no dicionario.

3. Rodea os verbos nestas oracións:

- Asun debuxou un cabalo moi fermoso.
- Pedro coseulle os botóns á camisa.
- Santiago perdeu a bufanda.



4. Inventa unha oración usando os verbos:

- Fun: _____
- Vou: _____
- Irei: _____

Unidade 8

CONCORDANCIA ENTRE O SUXEITO E O PREDICADO

1. Une cada suxeito co predicado correspondente:

Suxeito	Predicado
Claudia e Lucía	mercou un xerseí novo.
Abel	xogan moi ben ao fútbol.
O raposo	quería comer as galiñas.

2. Rodea os suxeitos nas seguintes oracións:

- *Antón e Mariña xogan á mariola.*
- *Mónica foi ao museo a ver a nova exposición.*
- *Os elefantes bañábanse no río.*

3. Completa as oracións inventando un suxeito:

- _____ comen moitas mazás.
- _____ non sabe falar inglés.
- _____ inventou un chiste moi gracioso.

4. Completa as oracións inventando un predicado:

- As árbores da fraga _____.
- Os xogadores daquel equipo _____.
- Os parrulos _____.

5. Observa a ilustración e escribe o predicado:



- Xulia _____
- _____
- _____
- _____

Unidade 8

ORTOGRAFÍA: PALABRAS CON «H» / «NH»

1. Completa as oracións usando **algunha**, **ningunha** ou **unha**:

- Non comín _____ rosca porque non me gustan.
- Viches _____ vez esta película?
- O meu can ten _____ mancha marrón no lombo.

2. Le, rodea as palabras que leven **nh** e completa a ilustración:

Vin nunha tenda unha muller
cunha camiseta coa imaxe
dunha pintora famosa.



3. Completa as oracións coas seguintes palabras:

habitación	herbívoro	hotel	home
------------	-----------	-------	------

- Durante a súa estancia no _____ descansaron moito.
- Non me gusta que ninguén entre na miña _____.
- Aquel _____ é o meu padriño.
- O burro é un animal _____.

4. Le e rodea as palabras que levan **h**:

Na horta de Henrique medrou moito a herba.

Helena é moi hábil coa fruta.


Hugo é un home moi amable.

5. Inventa unha oración coa palabra **hipopótamo**:

Unidade 8

«HAI», «AÍ», «AI!»

1. Completa a conversa usando **hai**, **aí** ou **ai!**:



2. Le as oracións e fai a ilustración correspondente:

Aí, nesa montaña, é onde nace o río.

Hai moitos nenos e nenas bañándose na piscina.

Ai! Que contenta estou!

3. Rodea a opción correcta:


- Hai | **Aí** | Ai! unha troita nadando no río.
- Hai | **Aí** | Ai! Que medo me dá a escuridade!
- Hai | **Aí** | Ai! é onde merquei a miña axenda.

Unidade 8

«POR QUE?», «PORQUE»

1. Le e escribe o texto nos bocadillos:

- Por que vas todos os martes á biblioteca?
- Porque me gusta moito ler.



2. Completa as preguntas ou as respostas:

- _____ apartas os chícharos do arroz?
- Porque non me gustan.
- Por que miras tanto pola fiestra?
- _____ estou esperando unha visita.
- _____ levas posto un traxe tan elegante?
- _____ vou a unha festa importante.
- Por que _____
- Porque _____

3. Completa a oración usando **por que** ou **porque**:

Non fun á festa de aniversario _____ estaba enferma.

Unidade 8

HORARIOS, CALENDARIOS E AXENDAS

1. Le e fai as anotacións oportunas no almanaque:

- O terceiro martes do mes irei ao dentista.
- O xoves 24 é o aniversario de mamá.
- A fin de semana do 12 e 13 irei de excursión.
- O xoves día 3 vou á casa da avoa.
- O mércores 30 ven Uxía durmir á miña casa.
- Os luns 7 e 21 teño curso de piano.

MAIO		
1	Martes	
2	Mércores	
3	Xoves	
4	Venres	
5	Sábado	
6	Domingo	
7	Luns	
8	Martes	
9	Mércores	
10	Xoves	
11	Venres	
12	Sábado	
13	Domingo	
14	Luns	
15	Martes	
16	Mércores	
17	Xoves	
18	Venres	
19	Sábado	
20	Domingo	
21	Luns	
22	Martes	
23	Mércores	
24	Xoves	
25	Venres	
26	Sábado	
27	Domingo	
28	Luns	
29	Martes	
30	Mércores	
31	Xoves	

Unidade 8

HORARIOS, CALENDARIOS E AXENDAS

2. Completa o horario:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª hora	Matemáticas	Lingua galega	Matemáticas	Lingua galega	Matemáticas
2ª hora	Ciencias naturais		Ciencias sociais		
3ª hora	Lingua castelá	Lingua castelá			Lingua castelá
RECREO					
4ª hora		Relixión ou educación en valores	Lingua castelá		
5ª hora			Relixión ou educación en valores		

- Os martes e os xoves a segunda hora teño matemáticas.
- Teño lingua galega despois do recreo os luns e os xoves.
- Educación física practícoa os luns e os venres antes de marchar para a casa.
- Despois de vir do recreo os venres teño ciencias naturais.
- O venres despois de matemáticas e antes de lingua castelá teño ciencias sociais.
- Facemos educación artística os martes e xoves a quinta hora.
- Aprendo inglés a terceira hora os mércores e os xoves.

3. Agora completa o teu horario:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª hora					
2ª hora					
3ª hora					
RECREO					
4ª hora					
5ª hora					